

**PROGRAMA COOPERATIVISMO NOS CENTROS DE ENSINO  
CHARLAS INFORMATIVAS: "E TI, COÑECES A FÓRMULA?"**

[ En colaboración co Concello da Coruña ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Entre o 15 de setembro e o 31 de decembro de 2023	<b>DURACIÓN</b>	90 – 120 minutos
<b>HORARIO</b>	A convir en función da dispoñibilidade dos centros participantes		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Nos Centros de Ensino participantes		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>teléfono</b>	881 887 456 / 697 877 773
		<b>e-mail</b>	patane@espazo.coop

**OBXECTIVOS**

- 1) Achegar os modelos empresariais da economía social e nomeadamente o modelo cooperativo a comunidade educativa dos centros de ensino participantes.
- 2) Coñecer as condicións e pasos a dar e practicar as ferramentas para emprender baixo as fórmulas empresariais da economía social.
- 3) Contribuír á mellora das posibilidades de acceso ao mercado laboral das persoas participantes, a que coñezan ás cooperativas e as súas achegas sociais e económicas e a que valoren a posibilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa.
- 4) Apoiar a visibilización do tecido cooperativo presente na cidade dando a posibilidade de establecer un diálogo coas cooperativistas.

**PROGRAMA E CONTIDOS**

**CHARLAS "E TI, COÑECES A FÓRMULA?"**

A quen vai dirixido: alumnado de últimos cursos tanto de educación secundaria como de ciclos formativos de formación profesional, que desexan coñecer as distintas posibilidades ao seu alcance cara a súa inserción no mercado laboral.

Programa da actividade

Módulo 1.- Divulgación cooperativa.

O emprendemento colectivo fronte a outras formas de emprego. Condicións básicas. Perfil da persoa emprendedora.

Principios e valores do cooperativismo. Tipos de Cooperativas. As cooperativas de traballo asociado.

Módulo 2.- Coñecer e practicar cas ferramentas para a constitución dunha cooperativa.

A organización nas sociedades cooperativas. A xestión empresarial e societaria. A viabilidade económica e societaria. O plan de empresa cooperativo. Participación dunha experiencia cooperativa.

**METODOLOXÍA**

Activa e participativa. Seguindo un guión prefixado, a persoa relatora irá guiando ás persoas participantes polo proceso de constitución dunha cooperativa. Que preguntas deben facerse, que aspectos ter en conta. Proporará ao público asistente a realización de pequenas dinámicas colaborativas. Contarase coa participación dunha experiencia de emprendemento cooperativo en cada sesión.

**DIRIXIDO A**

Esta actividade diríxese ás comunidades educativas dos centros de ensino secundario e Formación Profesional da Coruña e a súa área de influencia.



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña